Por outra banda, afirmou que o paseo quedaría de terra, tal como está, cousa que me producía unha grande sorpresa.

No expediente se recolle, e copia textualmente: "Por el borde del río Alvedosa, a lo largo del Campo de la Feria, se ejecutará una acera de 2.50 m. de ancho, formada por adoquín de hormigón prefabricado de 20x8x8 cm., color y combinación a definir ..."

Sr. Alcalde, ¿quiere dar respostas as miñas afirmacións?.

Respóstalle o Sr. Alcalde: non lle vou dicir que minte porque e vostede unha persoa profundamente relixiosa, polo tanto parece que ou me entende mal ou non me presta atención. O que escuetamente dixen foi que á empresa se lle mandou parar por mor das festas da Coca, e esta é a contestación que figura na acta que vostede acaba de aprobar. Agora a obra está parada por causa do cableado de Fenosa. Con respecto ás facturas quizá teña a empresa pendentes certificacións de obra, pero ese non é o motivo de que se hobueran parado as mesmas.

Con respecto á beirarrúa modificouse o proxecto para humanizalo.

A concelleira SRA. CANAL GÓMEZ, pregunta ao Sr. Alcalde, polas xestións que ten realizado a raiz da aprobación dunha moción do Partido Popular, en relación coa supresión da peaxe de Rande.

Contesta o Sr. Alcalde que ten feito diversas xestións. Teño mantido xuntanzas coas Asociacións de Veciños implicadas neste asunto, así como falado coa Sra. Alcaldesa de Vigo, quedamos en ter unha xuntanza despois das vacacións, para posteriormente mante-la coa Conselleira de Política Territorial ou con quen corresponda, e así mesmo con esta Conselleira teño tratado este tema cando lle plantexei outros asuntos de interese para o municipio.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as nove horas e vintecinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 122 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1177982 ata a volta do folio núm. 132, Serie A nº 1177992, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

O SECRETARIO ACCTAL

BERNARDO SOTO LOPEZ

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 31 - AGOSTO - 2006

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN.

2.- DAR CONTA EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 14/06, 15/06, 16/06, 17/06.

3.- ADHESIÓN EXPRESA AO PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR PARA EXECUCIÓN DA MEDIDA XUDICIAL DE PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE.

NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.

5.- EXPEDIENTE PRÉSTAMO LONGO PRAZO 1/06.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO.

6.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.

6.2.- MOCIÓNS.

6.2.1.- MOCIÓN DO PP S/ CATÁSTROFE DOS INCENDIOS OCURRIDOS EN DIVERSAS PARROQUIAS DE REDONDELA.

6.3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas do día trinta e un de agosto de dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. LAURA LAGO ALLER, Dª. MÓNICA CARREIRA COUÑAGO, Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. ANTÓN DÍAZ MOURELLE, Dª. Mª DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. CECILIA PÉREZ ORXE, Dª. PURIFICACIÓN SERRANO CAVIEDES, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, e D. MANUEL PÉREZ PARDO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asisten, excusando a súa ausencia, os concelleiros D. FERMÍN ALFAYA PAZ, e D. RODOLFO PATO GARCIA.

INCIDENCIAS.- O Concelleiro Sr. DARRIBA VILAS, ausentouse da sesión no debate do punto 6.2.1) da Orde do Día.

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das víctimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 5 do PP, 3 do BNG, 2 de RA e 1 de EU-IU), acorda prestar aprobación ao acta da sesión celebrada con carácter ordinario o día 27 de xullo de 2006.-

2.- DAR CONTA EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 14/06, 15/05, 16/06, 17/06.-

Dada conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- 14/06, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 28.07.06, mediante xeración de crédito, por importe de 192.864,96 euros.

- 15/06, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 11.08.06, mediante xeración de crédito, por importe de 69.365,52 euros.

- 16/06, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 21.08.06, mediante xeración de crédito, por importe de 4.900,86 euros.

- 17/06, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 23.08.06, mediante transferencias de crédito por importe de 750,00 euros.

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, dase por enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.-

3.- ADHESIÓN EXPRESA AO PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR PARA EXECUCIÓN DA MEDIDA XUDICIAL DE PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE.-

Vista a proposta de adhesión ao protocolo citado e trala intervención da Sra. Amoedo Dasilva na que solicitou que o asunto quedase pendente dado que considera que no expediente faltan datos e debe pasar previamente por Comisión Informativa, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 5 do PP, 3 do BNG, 2 de RA e 1 de EU-IU), acorda deixar o asunto Sobre a Mesa.-

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Ensino de data 30 de agosto de 2006, que transcrito dí:

"A Presidenta da Comisión somete a votación a seguinte proposta:

Co obxecto de realizar o servizo de limpeza e xardiñería nos seguintes edificios de propiedade municipal:

- Escolas de educación infantil A Marisma, San Pedro-Cesantes e Ventosela.
- Centro de educación primaria de Redondela.
- Centros de educación infantil e primaria Alexandre Bóveda, Cedeira, Igrexa-Chapela, Laredo-Chapela, Outeiro das Penas, Porto-Cabeiro, Quintela, Santo Paio de Abaixo e San Vicente de Trasmañó.
- Centro de Saúde de Chapela.
- Multiusos de Chapela e Redondela.
- Conservatorio municipal de música de Redondela.
- Centro municipal de servizos sociais de Redondela

A Concelleira de Ensino propón:

1.- Iniciar o expediente de contratación do servizo de limpeza nos citados edificios municipais mediante procedemento aberto, trámite ordinario e forma de concurso.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexerán a presente

EL NUMERADO
PORACIÓNS
LOCAIS

contratación obrantes no expediente.

3.- Proceder a publicar a licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia.

A proposta resulta aprobada pola unanimidade das/os membros presentes."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo dezanove dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 5 do PP, 3 do BNG, 2 de RA e 1 de EU-IU), acorda prestar aprobación ó dictame da Comisión Informativa de Ensino, nos antecedentes transcrito.-

5.- EXPEDIENTE PRÉSTAMO LONGO PRAZO 1/06.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio de data 29 de agosto de 2006, que transcrito dí:

"Visto o expediente administrativo correspondente ao préstamo a longo prazo 1/06, co voto favorabel dos/as señores/as membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (3), do BNG (2) e do Grupo Mixto (1), e coa abstención do grupo municipal do PP (1), emite o seguinte dictame:

Primeiro.- Iniciar a tramitación do expediente administrativo correspondente ao préstamo a longo prazo 1/06 por importe de 1.000.000,00 de euros; préstamo destinado ao financiamento municipal dos seguintes investimentos incluídos no anexo de investimentos do orzamento deste Concello para o ano 2006:

Partida	Destino	Euros préstamo
06 4321A60100	Urbanización Cubillón	160.000,00
06 4321A60103	Humanización rúas	150.000,00
06 4411A62706	Abastecementos e saneamentos	470.000,00
06 4411A62708	Río Maceiras	110.000,00
06 5111A62701	Terreos aparcamento.....	50.000,00
06 5331A60100	Plano de actuacións medioambientais.	60.000,00
	Total	1.000.000,00

Segundo.- As características do préstamo 1/06 serán as seguintes:

- Contía: 1.000.000,00 de euros.
- Destino: Financiamento das aportacións municipais aos investimentos indicados apartado anterior.
- Prazo total: 12 anos.
- Prazo de amortización: 10 anos (do 3º ao 12º anos).
- Periodo de carencia: 2 primeiros anos.
- Amortizacións e xuros: por trimestres naturais vencidos (debendo comunicar o prestamista ao Concello de Redondela, con 15 días hábiles de antelación, os importes correspondentes dos xuros e da amortización, de cada período).

- Tipos de xuro: tipo variabel, referenciado ao Euribor a un ano máis/menos diferencial ofertado, sen redondeo.
- Gastos de estudio: exento.
- Comisión de apertura: exento.
- Gastos por reembolso anticipado total ou parcial: exento.
- Comisión de disponibilidade: exento.
- Calquera outro tipo de gastos: exento, incluídos fedatarios, gastos por cheques, transferencias, correo, apuntes, mantemento, seguro de tipo de xuros, etc.
- Garantías, avais, efectuación de recursos: exento.
- Disposición do préstamo: o importe do préstamo poderase desembolsar conxunta ou fraccionadamente a petición do Concello de Redondela durante os dous primeiros anos, mediante ingreso nunha conta aberta polo Concello de Redondela na entidade prestamista, devengándose xuros exclusivamente, nos dous primeiros anos, polas cantidades efectivamente aboadas (a petición do Concello) na conta antes citada a partida da data da súa disponibilidade efectiva na mesma.
- Modelo de contrato: deberase unir á oferta o modelo completo de contrato de préstamo no que queden recollidas (entre outras) tódalas características indicadas no apartado segundo desta proposta; coa indicación expresa da aceptación íntegra e non condicionada de tódalas características do préstamo a longo prazo 1/06.
- Validez das ofertas: as ofertas deberán ter unha validez mínima até o día 31.10.06.
- Formalización: dentro dos cinco días hábiles seguintes ao de recepción da notificación do acordo de adxudicación.

Terceiro.- O Concello de Redondela publicará un anuncio, no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, referido ao préstamo a longo prazo 1/06, no que figuren as características do préstamo así como o prazo (13 días hábiles desde a publicación do anuncio) e o lugar de presentación das proposicións; sen prexuizo de cursar invitacións a bancos e caixas de aforro.

Cuarto.- O expediente administrativo e as ofertas recibidas serán informadas polo Interventor Xeral no Concello de Redondela, correspondendo ao Concello Pleno determinar o banco ou caixa de aforros co que será asinado o correspondente contrato de préstamo, sen prexuizo de que o Concello Pleno poida acordar, no seu momento, non realizar (total ou parcialmente) o préstamo a longo prazo 1/06."

INTERVENCIÓNS.-

A señora Canal Gómez maniféstase en desacordo con este punto e anuncia o voto do seu grupo en contra por mor de que considera que se trata de financiar a campaña electoral hipotecando ao Concello sen que haxa unha xestión eficiente.

O señor González Iglesias dí que é un préstamo xa previsto no orzamento que vai a supor que o Concello teña que pagar unha cantidade inferior á que paga agora cada ano. Di que con ese diñeiro poderánse facer obras que levan moito tempo pendentes por diversos problemas, como por exemplo a urbanización do Cubillón . Dí que o préstamo se fai no momento en que procede e que eles non pagan campañas electorais con cartos públicos, como fixo a concelleira do PP na sua última campaña, polo que ven ao caso o refrán de que *"cree el ladrón que todos son de su condición"*.

A señora Canal Gómez di que no caso do goberno municipal o que fan é financia-la campaña co diñeiro de tódolos cidadáns de Redondela para que despois digan que os problemas non son da sua responsabilidade e corresponden a outras administracións. Dí tamén que non sabe qué obras fan realmente, porque teñen a praia de Cesantes abandonada, non aparecen polas parroquias, non fan xestións para que se suprima a peaxe de Rande, non se preocupan do mercado de gando, hai problemas graves de saneamento sen resolver....etc. Dí que lle encantaría poder dicir que durante estes catro anos fixeron moitas obras en Redondela pero non é certo e só agora que chegan as eleccións van por pontes de madeira, balaustradas e cousas desas no casco urbano, sen preocuparse das parroquias. Considera que non é de recibo que nos se lles chamara para a

EL NUMERADO
PORACIÓNS
LOCAIS

comisión de valoración dos servizos privatizados a pesar de telo pedido e lle parece triste que haxa que recurrir a un préstamo para facer calquer cosa en Redondela.

O señor Pazos Docampo pregúntalle a qué se refire cos problemas graves de saneamento, porque él non ten constancia deles, respostándolle a señora Canal que llo dirá despois nun rogo e que é por algo que afecta a varias vivendas.

O señor González Iglesias dí que a señora Canal non quere entender que non lle está a pedir unha explicación personal polo da campaña, senón política e pública, dado que non sabe de dónde sacou os trinta millóns que invertiu na campaña electoral e que él considera que foi do goberno autonómico cando gobernaba o PP. Tamén lle increpa para que diga unha soa obra prevista que se vaia a realizar con outras administracións e polo que está dicir cree que non lee os expedientes. Dí que nestes catro anos van a ter realizado obras por importe superior aos 2000 millóns, e o 90% delas nas parroquias, pero lle parece que a voceira do PP está entregada a outros menesteres e non ten nin idea do que fala e das cousas que se están a facer nos eidos de deportes, áreas recreativas..etc. Di que, no caso dos incendios, a aportación da señora Canal redúxose á foto cunha motobomba da Deputación e que cando a queira lle facilitará unha relación das obras que se fixeron e se están a facer para que non siga a facer o ridículo coas suas intervencións.

O Alcalde dí que o orzamento no que ía previsto o préstamo estivo a información pública e non foi obxecto de ningunha alegación por parte do PP.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as seus membros presentes, sendo doce votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG, e 1 de EU-IU), cinco votos en contra (5 do PP) e dúas abstencións (2 de RA) acorda prestar aprobación ó dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

6.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.-

O Concello Pleno dase por enterado do contido das Resolucións da Alcaldía e dos Concelleiros Delegados dende o día 22 de xullo ó 25 de agosto de 2006.-

6.2.- MOCIÓNS.-

6.2.1.- MOCIÓN DO PP S/ CATÁSTROFE DOS INCENDIOS OCURRIDOS EN DIVERSAS PARROQUIAS DE REDONDELA.-

O Sr. Alcalde dí que a Moción vaina leer él, como presidente da Corporación, solicitando a señora Canal Gómez que pola Secretaria se informe da procedencia de que a lea o Sr. Alcalde e non a voceira do grupo que presenta a moción. A Secretaria Xeral dí que o regulamento non dispón quen a ten que leer e, en calquera caso, o Sr. Alcalde é o que ten as atribucións de dirixi-lo Pleno. A señora Canal Gómez, pide que conste en acta que non lle deixou leela.

ANTECEDENTES.-

Moción del Grupo Municipal do Partido Popular de data 25 de agosto de 2006, que transcrita dí:

"A situación crítica que se viviu en moitos lugares de Galicia e máis concretamente no noso Concello, como consecuencia dos incendios que asolan o noso país fai necesario que se tomen, de forma adecuada e urxente medidas para paliar os danos ocasionados por esta catástrofe.

Exposición de motivos

Ó longo deste verán de 2006, a situación que vive Galicia e máis concretamente o noso Concello desbordou ós gobernos da Comunidade Autonóma, do Estado e igualmente a este goberno Municipal, os incendios non deron tregua, e son moitísimos os cidadáns que con precarios medios fixeron frente a estes incendios.

Como xa ven dicindo dende finais do inverno o Grupo Parlamentario Popular, a imprevisión en materia medio ambiental e da loita contra incendios por parte do actual Goberno da Xunta, e a inexplicable lentitude á hora de efectuar a necesaria planificación da campaña de loita contra os incendios forestais trouxo xa lamentabeis consecuencias.

Dende o principio desta tremenda situación de emerxencia foron os cidadáns os que tiveron que substituir con medios propios e case sempre precarios, a ausencia dos operativos de extinción da Xunta de Galicia, absolutamente descoordinados así como dos propios Concellos por falta de equipos e maquinarias adecuadas para este cometido.

Por todo isto, consideramos que deben ser os Concellos, como administración máis próxima ó cidadán, os que canalicen as reclamacións que se deberán realizar para resarcir os tremendos danos sufridos como consecuencia dos incendios.

Entendemos que o Goberno galego, como responsabel directo da política de prevención de incendios forestais, debe de afrontar as consecuencias da súa catastrófica xestión.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Redondela solicita que neste Pleno se adopten os seguintes acordos:

1.- Que neste Concello se cree unha comisión de valoración de danos y damnificados, formada esta por: a) Un representante de cada grupo Político. b) Os presidentes das comunidades de montes afectados polos incendios. c) Un técnico cualificado ó efecto (perito agrícola forestal, etc.), ós efectos de cuantificar en cada unha das parroquias as superficies queimadas, e posibles medidas a levar a cabo para a rexeneración das mesmas. Así como outras medidas que poidan determinar esta comisión.

2.- Que este Goberno Municipal se dirixa ó Goberno da Xunta de Galicia ó efecto de solicitar que se arbitren medidas económicas necesarias para facer frente ás perdas sufridas polos veciños e veciñas de Galicia **–e en concreto polo que respecta ó noso Concello-** por motivo destes incendios incluíndo en todo caso os perxuizos sufridos por:

a).- Danos nas vivendas afectadas.
b).- Danos nos montes comunais.
c).- Axudas para a rexeneración dos montes afectados.
d).- Recuperar os convenios que existan coa Administración Central para posibilitar a presenza do exército nos montes durante a época estival, así como solicitar o incremento dos efectivos dos corpos e forzas de seguridade do estado en tareas de investigación e persecución dos incendiarios.

3.- Que dada a amplia superficie afectada polos incendios no noso Concello, sexa declarado éste como **ZONA CATASTRÓFICA,** ós efectos das posibles axudas e subvencións que se poidan recibir dos diversos Gobernos e para a recuperación da nosa masa forestal."

INTERVENCIÓNS.-

A señora Canal Gómez dí que a xestión do problema dende o concello foi nefasta e unha das cousas máis abrallantes é que os membros de protección civil non contaban con material axeitado nin existían mascarillas para todas as personas implicadas nas tarefas de loita contra o lume. Indica que se trataba de personas moi xoves e incluso no grupo que traballara o pasado ano se atopaba un menor. Lle parece que o

NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

señor González Iglesias non estaba no municipio cando os incendios e ao Alcalde o miraron tomando café nunha terraza no centro de Redondela namentras ardían algunhas parroquias.

O señor Pérez Pardo dí que o PP debe pasar da política dos feitos á política real que non é a da foto do señor Feijoo apagando o lume cunha mangueira e facendo o ridículo. Non entende por qué na prensa a señora Canal dixo que ían pedir a convocatoria dun pleno extraordinario e agora despacha a cuestión cunha moción de urxencia. Sinala que a propia Xunta recoñeceu que a xestión puido ser mellor e lle parece que a actual administración autonómica está a facer unha política diferente porque é unha política de prevención.

O señor Bastos Fernández dí que o do lume xa ven de atrás e que os concellos deben por en marcha os mecanismos necesarios para loitar contra o mesmo dotándose de mellores medios, porque lle parece que as brigadas de protección civil non teñen ferramentas axeitadas. Cree que con cargo os próximos orzamentos debe comprarse un novo camión porque o Concello deu pena e ainda que fagan menos festas teñen que invertir ahí.

O señor Pazos Docampo sinala en primeiro lugar que a moción incumpre a lei de normalización lingüística e tampouco é de urxencia, por canto se presenta no pleno ordinario. Indica que o problema dos incendios é un resultado da política que levou adiante o PP en materia forestal nos últimos 16 anos e que non nacen espontáneamente senón que alguén os provoca. O PP gastou moito diñeiro en apagar os lumes pero o actual goberno actuou antes, limpando moitísimas hectáreas de monte. Dí que se hai 100 incendios ao mesmo tempo xa non se trata dun problema de medios e que moitos alcaldes do PP rexeitaron as brigadas porque precisamente as persoas a reclutar tiñan que ter formación e non estaban dispostos a non mangonear os procesos de selección que impuña a Xunta con criterios lóxicos. Sinala que, con todo, en Redondela non se queimou ningunha casa nin houbo ningún accidente personal e se coordinaron tódolas tarefas de extinción dende protección civil. Pensa que non se solucionan os incendios indo aos mesmos con zapatos de tacón en coche oficial e que a partir de ahí a señora Canal non pode cuestionar a actuación do goberno municipal. Considera que a Xunta tiña unha boa planificación e non houbo descoordinación co concello de Redondela dado que o único que andaba descontrolado era un camión da Deputación Provincial, cousa que non entende porque estima que os medios disponibles deben estar baixo a dirección dos responsables das maniobras e non se debe facer disto política electoral. Non están de acordo en crear unha comisión de valoración, senón unha comisión máis ampla que tratara o tema dunha forma integral e na que estean tamén as comunidades de montes e outros sectores igualmente implicados e tampouco comparte a proposta de declarar a Redondela zona catastrófica porque non ten avantaxes, os seguros se botan fora e pode perxudicar o sector turístico. Pensa que no caso do PP non amea o que din co que fan.

A señora Canal Gómez dí que foi a Ventosela porque a chamaron dicíndolle que se queimaba todo, e foi sen mascarilla e non saíu en ningunha foto ao contrario que a ministra de medio ambiente e algúns altos cargos da Xunta. Dí que un veciño lle chamou porque no Concello non lle facían caso e que o voceiro do BNG tivo problemas nalgunhas parroquias, de onde o votaron e xa non puido aparecer máis por alí polo que as suas funcións foron asumidas polo concelleiro de Cultura. Cree que actuou correctamente acudindo alí a axudarlles cando a chamaron e dí que moitos alcaldes non quixeron as brigadas porque tiñan que incrementar a plantilla e lles era moi gravoso. Sinala que a responsabilidade a ten o goberno de Redondela a pesares de que o PP teña 7 concelleiros e o BNG 3 e goberne. Dí tamén que o señor González Iglesias é un vividor da política de toda a vida e que lle parece unha vergoña que non se poida inaugurar o domingo un campo de fútbol porque o Alcalde marcha de vacacións.

O Sr. Alcalde dílle á señora Canal que é unha mentirosa porque entre outras cousas dixo que él estaba nunha terraza cando había lume nas parroquias e iso é unha difamación. Indica que marcha unha semana de vacacións porque aínda non disfrutou nada, en parte polo problema dos incendios, e que a voceira está a facer un exercicio de marrullería política e que o mesmo martes, que foi o día máis difícil, convocounos a ela e ao señor Bastos a unha reunión e él tivo que marchar a protección civil pola gravidade da situación pero non apareceron por alí, ainda que a encargada de prensa e un policía lles indicaron que podían ir, tal e como estes mesmos o corroboran. Tamén dí que non é de recibo que se fixe unha data para inaugura-lo campo de fútbol sen contar antes co Alcalde.

O señor González Iglesias resposta á señora Canal Gómez que él é un vividor da política por dúas

razóns: o seu partido o pon na lista dende o ano 79 e os cidadáns parece que o aceptan e o votan. Dí que lle adica todo o seu tempo e non coma concelleira que cobra o mesmo que él cando ven ao Concello, pero tamén cobra na Deputación, bastante máis que os deputados da oposición, e aparte ten o seu traballo. Dí que non lle ofenden as verbas da concelleira e que o campo de fútbol de Chapela tampouco ía estar acabado para o día 3. Sinala que o PP de Redondela non presentou ningunha solicitude de pleno extraordinario, ao contrario do que dixo na prensa o día 15 de agosto e que o concelleiro de Cultura interviu no problema dos incendios porque tamén é o concelleiro delegado de protección civil. Expón que eses días tiveron ata 13 vehículos e outros 5 para transportar personal e que o Concello de Vigo colaborou moi activamente, polo que están realmente agradecidos á sua alcaldesa, cousa que non pode dicir igual da Deputación, dado que a sua aportación se limitou a un vehículo que a señora Canal levou a Ventosela ás nove da noite do peor día. Lle parece que ten "moita cara" ao vender tal aportación. Tamén dí que foron repartidas montóns de gafas e mascarillas e que non está de acordo con solicitar a declaración de zona catastrófica porque pode perxudicar aos veciños. Ao señor Bastos Fernández lle dí que se revisa o orzamento verá que no mesmo hai cartos para comprar un camión e que teña en conta que sí houbo medios tanto propios como alugados para loitar contra o lume aínda que o Concello non ten esta competencia e simplemente se limita a colaborar co que ten. Pregúntase tamén onde están os medios dos propietarios dos montes. Dí que él sí estivo en Redondela cando os incendios, xa que marchou unha semana de vacacións a partir do día 21, namentras que os representantes do PP non apareceron en protección civil que era onde estaban a coordina-las actuacións, porque lles interesaba máis levar a motobomba da Deputación a Ventosela. Pensa que seguen a máxima de Goebbels de que unha mentira repetida mil veces faise verdade. Lle parece que despois de 16 anos gobernando Galicia, é un descaro que agora pidan contas.

O señor Pérez Pardo dí que a voceira do PP non ten por qué por en dúbida que as axudas cheguen aos cidadáns porque pode comprobar as normas correspondentes no DOG do 28 de agosto e no BOE do 29. Dí tamén que estas axudas se atopan por riba do que correspondería caso de declaración de zona catastrófica que, polo tanto, non ten sentido igual que lle parece que crear unha comisión que estude todo o que atinxe ao monte vai máis aló que o que pide o PP na sua moción.

O señor Bastos Fernández pídelle ao concelleiro de medio ambiente que se adopten medidas xa para que Redondela non se quede atrás. Lle parece que a Policía Nacional, a Local e Protección Civil actuaron correctamente e teñen moito mérito. Polo que o concello tamén debe responder. Dí que no concello se lles indicou que o Alcalde non podía reunirse con él e coa señora Canal porque estaba en protección civil que o máis que lles dixeron foi *"Se queren suban arriba"*.

O Alcalde dí que disto se deduce que realmente non quixeron ir á xuntanza.

O señor Pazos Docampo dí que síntese halagado porque a voceira do PP adicalle a meirande parte da sua intervención, pero ten a impresión de que non defendeu a moción. Dí que nunca lle prohibiron ir a ningunha parroquia, e se o sabe que o diga e que "*a imaxe do señor Feijoo miccionando por una mangueira cun vestuario de 1200 euros, aparte da sua ropa interior, que non sei se era de marca, foi unha vergoña*".

Ante as sucesivas interrupcións da señora Canal Gómez, o Alcalde a chama a orde indicándolle que vai verse na obriga de aplicar estrictamente o regulamento orgánico.

O señor Pazos Docampo continua a dicir que este foi o único caso dun representante dun grupo político que aparece na foto apagando o lume e que o goberno municipal estivo onde tiña que estar do mesmo xeito que o goberno autonómico, namentras que a actuación do PP foi patética.

A señora Canal Gómez dí que a moción está dabondo detaiada e que é o seu problema se non a apoian, e que en definitiva o Alcalde lle deu ao señor Pazos unha adicación exclusiva para que sea bo e ter unha lexislatura tranquila polo que agora defenden moitas das cousas que antes criticaban, como o coche oficial do Alcalde. Dí que solicitou unha entrevista co Alcalde no Concello e lle dixeron que estaba en protección civil pero naquel intre a chamaron dicíndolle que Aldeas Infantiles se estaba a queimar e ela mesma chamou a Vigo e á Deputación, intentou arranxalo namentras eles seguían reunidos.

O señor González Iglesias dí que a concelleira, cando se lle acaban os argumentos, pasa ao insulto e ao

NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

tema económico dos concelleiros. Dí que en ningún caso, en ningún momento houbo ningún menor participando nas tarefas de extinción pola conta do concello e que en Aldeas Infantiles estiveron os bombeiros e que ela foi alí en coche oficial.

O Alcalde dí que ten claro que ningún menor traballou nesto para o concello e que está agradecido ao Concello de Vigo pola sua colaboración, como xa o dixo públicamente pero que lle gustaría saber qué concellos tiñan medios dabondo para loitar contra o lume, dado que tampouco poden ter catro motobombas. Lle parece ben que a voceira do PP critique pero non que minta.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as seus membros presentes, sendo doce votos en contra (8 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG, e 1 de EU-IU), e seis votos a favor (4 do PP e 2 de RA) acordou reixeita-la Moción do Grupo Municipal do Partido Popular, nos antecedentes transcrita.-

6.3.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O concelleiro SR. BASTOS FERNÁNDEZ, formula a seguinte pregunta:

1.- Informe sobre a existencia ou non dunha solicitude de licencia ou negociación con algún colectivo para a instalación dunha mezquieta na parroquia de Vilar-Millarada, e o estado actual de dita negociación ou solicitude.

Resposta:

O señor González Iglesias dí que non hai ningunha solicitude de licencia de obra para iso nin se fixo ningunha negociación ao respecto.

O Sr. Alcalde dí tamén que todos os que pertenzan a calquer relixión teñen o mesmo dereito e se cumpre coa normativa urbanística terán que darlle a licencia. Neste caso nin siquera se facilitou ningunha información urbanística.

O Sr. Alcalde dille a señora Canal Gómez se non quería facerlle unha pregunta sobre o campo de fútbol de Chapela e a señora Canal que agora xa non quería facela porque o Alcalde non é quen de dicirlle qué ten que preguntar.

O Sr. Alcalde levanta a sesión e nese mesmo intre a señora Canal Gómez di que ten un rogo urxente que facer, indicándolle o Sr. Alcalde que xa non procede porque a sesión foi levantada e que a presente por escrito. A señora Canal pide que conste en acta a súa protesta.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vintetrés horas e vintecinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 132 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1177992 ata o folio núm. 137, Serie A nº 1177997, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL

Dilixencia

Para facer constar que o presente libro de Actas do Concello Pleno, péchase coa transcrición da sesión celebrada con carácter ordinario do día 31 de agosto de 2006, no folio número 132, que son os que compoñen o presente libro de Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A Nº 1177861 ó 1177997.

Redondela a 31 de agosto de 2006.

A Secretaria Xeral

Ana Begoña Merino Gil.

CONCELLO DE REDONDELA

RFA: ARQUIVO/AGP

Nº páx.

ARQUIVO
Concello de Redondela

TESTEMUÑA DE TRANSFERENCIA E ARQUIVO

Deixamos constancia, mediante este escrito, de que a Documentación aquí custodiada, consistente no ***Libro de Actas de Pleno 2003*** foi transferido dende o Departamento de Secretaría a través da funcionaria Dona Ana Begoña Merino Gil o 10/09/2014

Trátase dun Libro de Actas numerado correlativamente dende a páxina Serie A nº 1177861 ata a Serie A nº 1178000. A ausencia ou sobrepresencia de documentación administrativa dentro do expediente administrativo antes citado, non será competencia do departamento de Arquivo, nin da funcionaria encargada do seu funcionamento.

Foi introducido, a data de hoxe, na Base de Datos do Arquivo municipal, ubicándoo e descibríndoo dentro da seguinte Unidade de Instalación do seguinte xeito:

U/I
7.827/3

Libro de Actas de Pleno 2005, 2006

De 29/07/2005 a 31/08/2006

E para que así conste emito e asino, a data de hoxe, a seguinte Testemuña de Transferencia e Arquivo.

Redondela, Mércores 10 de Setembro do 2014

Ana Gesteira Ponce
Auxiliar de Arquivo

r/ Alfonso XII, 2; 36800 Redondela (Pontevedra), NIF – P – 3604500 – C, Telf: 986 400 300 – Fax: 986 403 894

ARQUIVO

U.I. / Nº Expte:

7.827 / 3

PLENOS

2005
2006